



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA E A FUNDACIÓN RONSEL PARA O
DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO PILOTO DE MENTORING PARA
PERSOAS AUTÓNOMAS**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria,
DECLARA:

Que a *Consellería de Economía, Emprego e Industria*, formalizou coa Fundación Ronsel o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 20 de febreiro de 2020 ata o 30 de novembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación Ronsel para o desenvolvemento entre o 20 de febreiro e o 30 de novembro de 2020 dun programa piloto de mentoring para persoas autónomas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





Que a **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, a través da Secretaría Xeral de Emprego, é o departamento de la Xunta de Galicia que ten atribuido o exercizo das competencias en materia de emprego, e a Fundación Ronsel de carácter privado, sen ánimo de lucro, cuxo obxecto consiste no desenvolvemento e fomento económico galego e moi en particular a creación de emprego que desenvolve o programa Youth Business Internacional de mentorización e o Proxecto “Galicia Camiño Emprendedor” co obxectivo de apoiar o emprendemento en Galicia, polo que a **Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación Ronsel** están interesadas en establecer unha colaboración activa no marco dos devanditos Programa e Proxecto.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

(asinado dixitalmente)

